



Protocolo de normas para o acceso do Herbario LOU, a Micoteca LOU-Fungi e a Zooteca do CIF de Lourizán

O presente protocolo establece as normas básicas de acceso, consulta, manipulación, préstamo e depósito de materiais das coleccións científicas do Centro de Investigacións Forestais (CIF) de Lourizán. Será de obrigado cumprimento para toda persoa allea ao centro que solicite o acceso ás devanditas coleccións.

1. Horario e condicións de acceso

- **Atención presencial:** O acceso ás coleccións límitase a un máximo de catro xornadas mensuais, en horario de 12.00 a 14.00 horas, previa planificación e en función da demanda existente.
- **Solicitud de cita:** Será obrigatorio solicitar cita cunha antelación mínima de sete días naturais, mediante correo electrónico dirixido a infolourizan.mr@xunta.gal, utilizando o impreso normalizado habilitado para o efecto.
- **Limitacións por necesidades do servizo:** O CIF de Lourizán resérvase o dereito para suspender ou reprogramar as visitas cando concorran necesidades do servizo ou non se dispoña de persoal técnico para a supervisión das mesmas.
- **Rexistro de visitantes:** Toda persoa visitante deberá inscribirse no Libro de Visitas á entrada e á saída, indicando a institución de procedencia e o obxecto da consulta ou estudo

2. Consulta e manipulación do material

- **Hixiene e seguridade:** É necesario o uso de máscara para acceder á Zooteca. Recómendase o lavado de mans tras a manipulación do material, dada a posible presenza de conservantes ou produtos químicos empregados na súa preservación.
- **Manipulación:**
 - Queda expresamente prohibido alterar a orde dos pregos ou exemplares.
 - Non se permite a extracción de material de cartafolios, caixas ou contedores.
 - Non se poderán realizar anotacións, marcas ou modificacións sobre pregos, etiquetas orixinais ou elementos asociados.
- **Mostraxe:** Non se autoriza a disección, fragmentación nin retirada de partes do material (follas, flores, esporas, apéndices de insectos, etc.) sen autorización previa, expresa e por escrito do responsable da colección correspondente.

3. Préstamo externo de material

- **Entidades autorizadas:** Os préstamos concederanse exclusivamente a institucións científicas ou académicas recoñecidas. Non se efectuarán préstamos a título individual.
- **Solicitud:** A petición deberá formalizarse mediante o impreso normalizado correspondente dirixido a infolourizan.mr@xunta.gal, debidamente asinado polo investigador da institución solicitante.



- **Duración:** O prazo ordinario do préstamo será de seis meses, podendo prorrogarse previa solicitude motivada presentada antes da data de vencemento.
- **Restricións:** Con carácter xeral, restrinxirase o préstamo de:
 - Material tipo.
 - Material histórico, especialmente o pertencente á Colección P. Merino.
 - Exemplares únicos ou de especial valor científico ou patrimonial. Nestes supostos, o centro procurará facilitar imaxes dixitais de alta resolución ou outra documentación substitutiva.
- **Devolución:** O material deberá ser devolto cunha embalaxe adecuada que garanta a súa integridade, anexando obrigatoriamente copia do **Impreso de Préstamo e Devolución**

4. Depósito e incorporación de material ás coleccións

- **Estado do material:** Os exemplares deberán estar o máis completos posible (órganos vexetativos e reprodutivos no caso de plantas, ou exemplares completos no caso de fauna).
- **Etiquetaxe mínima obrigatoria:**
 - Nome científico
 - Localidade de recolección (provincia, municipio e lugar)
 - Coordenadas UTM ou xeorreferenciación equivalente
 - Altitude
 - Data de recolección.
 - Nome do colector (Leg.).
 - Nome da persoa que realizou a identificación (Det.).
- **Tratamento previo:** Todo material ingresado será sometido a un tratamento preventivo de desinfección, habitualmente mediante conxelación, antes da súa incorporación definitiva aos armarios compactos, co fin de evitar contaminacións biolóxicas.
- **Solicitude:** A solicitude de depósito deberá formalizarse mediante o impreso correspondente dirixido a infolourizan.mr@xunta.gal.

5. Publicacións e resultados científicos

- **Citación obrigatoria:** En calquera traballo científico, técnico ou divulgativo derivado do uso das coleccións será obrigatorio citar expresamente ao **Herbario LOU**, a **Micoteca LOU-Fungi** e/ou a **Zooteca do CIF de Lourizán**, segundo corresponda.
- **Remisión de publicacións:** Deberase remitir unha copia da publicación, en formato dixital, ao correo electrónico do centro ou físico por correo ordinario.